Centro de Educación Ambiental As Corcerizas

Da utopía á realidade

Amigos da Terra

Revista informativa

nº3- inverno [2009]

Somos unha ONG ecoloxista de ámbito galego, formada por socios/as e voluntarios/as que xuntos fomentamos un cambio local e global cara unha sociedade máis respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

Formamos parte de Amigos de la Tierra e de Friends of the Earth, a rede de grupos ecoloxistas máis extensa do mundo, conxugando a 70 grupos nacionais diversos e uns 5000 grupos locais de activistas en todos os continentes.

Pretendemos un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade e harmonía coa natureza.

OS NOSOS VALORES

* Xusta e solidaria
* Próxima ás persoas
* Comprometida socialmente
* Global e local
* Costructiva e positiva
* Educativa
* Activista e reivindicativa
* Aberta e dialogante
* Pacifista e non violenta
* Democrática e participativa
* Independiente e laica

Baixo o lema **"Pensa e Actúa Globalmente e Localmente"** desenvolvemos e apoiamos iniciativas que axudan a mellorar o noso entorno dende a reflexión e a acción, plantexando unha actitude de defensa do medio ambiente, realista e constructiva.

Os nosos eixes principais de actuación son:

- Educación Ambiental

- Activismo e Reinvindicación

Amigos da Terra

Sumario

03 **Editorial**

04 **Asesoría Xurídica**
Democracia participativa ambiental: O Convenio de Aarhus

06 **As Corcerizas**
A bioconstrución, unha alternativa práctica fronte a un modelo en crise

08 **Cambio Climático**
A enerxía nuclear nunca poderá ser unha solución realista

10 **Residuos**
Reciclando Ideas

12 **Consumo Sustentable**
Galicia Zona Libre de Transxénicos

14 **Cooperación**
Éxito dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento de Amigos da Terra: O Salvador

16 **Grupo Local**
Vigozoo...celebrará o seu 40 aniversario?
18 A depuradora de Vigo: crónica dunha sanción anunciada

20 **Micronovas**

22 **Entrevista:** Francisco Díaz- Fierros (Catedrático de Edafoloxía da Universidade de Santiago de Compostela)

23 **Amigos da Terra en acción**

Revista informativa [3] editada por:
Amigos da Terra
Rúa da Concordia 20 - 2º Esquerda, 32003 Ourense
www.amigosdaterra.net - info@amigosdaterra.net

Dirección e coordinación: Xulio López, Montse Fernández
Equipo de redacción: María Durán, Montse Valencia, Analía Moares, Irene Baspino, Judith Sing, Romain Denisot e Antón Lois.
Deseño e maquetación: Amigos da Terra
Imprime: RODI Artes Gráficas S.L
DL: OU 159-2007 **ISSN:** 1888-659

Impreso 100% en papel reciclado

Publicación de carácter gratuíto

NOTA:
Amigos da Terra non se fai responsable das opinións vertidas por persoas alleas á edición deste boletín, ben sexa en citas textuais ou en entrevistas persoais.



Antón Lois
VOGAL DE ACTIVISMO
Amigos da Terra

Quen defende agora a utopía?

A utopía mudou de bando. A última trincheira na defensa dun futuro considerado imposible, dunhas propostas e plantexamentos tan ben intencionados como irrealizables xa non está no ecoloxismo, que durante tantos anos abandeirou, e a moita honra, esa presunta filosofía utópica.

A práctica totalidade dos indicadores de sostibilidade determinantes do entorno ecosocial xeral, e por suposto tamén do galego, levan décadas superados ou sobreexplotados. A pegada ecolóxica galega sextuplica hoxe a nosa capacidade biofísica para soportala onde está logo a defensa da utopía neste inicio de século?.

Nestes días de cambio climático e de posta de longo dunha, "nova" Lei de economía sostible, os poderes políticos falan de que a sustentabilidade é a mellor garantía para a saída da crise e o máximo potencial de emprego. Para o ecoloxismo este anuncio non representa nada novo. Esa tese a levamos defendendo décadas. Seguramente a novidade será para eses poderes que durante décadas desacreditaban e ironizaban sistematicamente as propostas ecoloxistas argumentando que nos levarían á destrución do emprego e a un retorno ás cavernas. Vaia, tras tantos anos de descualificacións parece que ó final tíñamos razón.

Aceptaríamos as desculpas, se algunha vez se nos pediran, pero o realmente importante é que o proceso sexa de verdade, e que non se siga confundindo perversamente a sostibilidade co desenvolvemento.

Posiblemente quen defende a utopía hoxe son aqueles axentes sociais, políticos e económicos que obstinadamente manteñen a ilusión de que cuns certos "axustes" da economía de mercado a vida tal e como a coñecemos e a nosa propia especie teñen algunha posibilidade de supervivencia.

Non resulta moi fiable seguir deixando que "o raposo deseñe as medidas de seguridade do galiñeiro", do mesmo xeito que resulta bastante inxenuo pretender que un modelo económico "neoliberal" que provoca, se fundamenta e se retroalimenta da explotación ilimitada da terra e das persoas, sexa o encargado de artellar medidas eficaces para poñer uns límites que na práctica significarían a súa propia extinción como sistema de xestión universal. Pero outro mundo é posible, e necesario. Fai anos que os e as ecoloxistas defendemos que: "todos e todas queremos vivir, pero ninguén quere cambiar, pero se non cambiamos non viviremos".

Un dos cambios que nos tocará asumir no movemento ecoloxista, especialmente no ecoloxismo galego, será a fin desta longa adolescencia e a aceptación con certa tristeza, de que a utopía se pasou ao outro lado, que debemos aceptar que xa estamos defendendo o máis simple, puro e duro, pero por outra parte tamén marabilloso e ilusionante pragmatismo, e pasar a ser unha man máis que levante a bandeira do único realismo posible.

Unha entre moitísimas mans, porque non será o ecoloxismo en solitario quen salve este planeta, e ogallá que ningún axente social se erixa como salvador e posuidor da verdade revelada, xa que esas estratexias nunca acaban ben. Os cambios serán entre todos e todas, ou non serán. As receitas están aí, seguramente sempre estiveron, e pasarán por ir tecendo ampliando e fortalecendo redes, empregando os instrumentos sociais, creando escenarios conxuntos de aprendizaxe, facendo unha auténtica, fonda, comprometida, participativa e socio-crítica educación ambiental en definitiva.

A utopía seguirá no horizonte, e que siga aló no horizonte, pero camiñar seguindo os menceres tampouco é mal camiño… e baixo as lastras sigue estando a praia.

DEMOCRACIA PARTICIPATIVA AMBIENTAL: O Convenio de Aarhus

a sesoría xurídica

Montse Valencia

xurídico@amigosdaterra.net

O **Convenio de Aarhus** establece un avance cara a democracia ambiental e fixa 3 pilares co fin de contribuír á protección dun dereito ao medioambiente san e saudable realzando o papel das ONGs ecoloxistas.

Amigos da Terra tivo a grande oportunidade de poñer en práctica este convenio, conseguindo a xustiza gratuíta (primeira vez que o consigue unha ONG galega) para continuar co proceso da canceira de O Carballiño.

O **Convenio de Aarhus** aséntase sobre **tres coñecidos pilares:**

· Acceso á información ambiental, composto por dúas partes diferenciadas: dereito a buscar e obter información que obre en poder das autoridades públicas e dereito a recibir información por parte das devanditas autoridades.

· Participación do público no proceso de toma de decisións, que conta con 3 ámbitos de actuación: autorizacións, aprobacións de plans e programas e elaboración de normas de rango legal ou regulamentario.

· Acceso á xustiza ambiental, asegurando e fortalecendo a tutela xudicial efectiva.

España ratificou o Convenio de Aarhus no ano 2005 e éste converteuse directamente aplicable dende a súa entrada en vigor. Antes de contar co Convenio Aarhus en España, o exercicio dos dereitos de acceso á información ambiental, participación pública e acceso á xustiza, viñan regulados polas directivas que se traspuxeron no ano 2005, febreiro e xuño, respectivamente (Directiva 4/2005/CEE e Directiva 35/2005/CEE).

A norma española é a Lei 27/2006, do 18 de xullo que incorpora as devanditas directivas e ten como punto de partida o artigo 45 da Constitución Española que configura o medio ambiente coma un ben xurídico cuxo disfrute é un dereito de todas as persoas e cuxa conservación e protección é unha obrigación que compete, tanto ás autoridades públicas como á sociedade no seu conxunto.

Acceso á información ambiental:

É a facultade de toda persoa ou grupo de persoas de ter coñecemento da situación do medio no que se desenvolve a través de informes e datos que obran en poder das Administracións públicas ás que se lles confía a xestión dos intereses colectivos.

Todas as persoas teñen dereito a recibir información ambiental, entendendo por ésta, toda aquela información dispoñible en formato escrito, visual, oral, electrónico ou en calquera outro soporte material e que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente, sobre os factores como a enerxía ou o ruído, as medidas políticas, os informes sobre a execución da lexislación ambiental ou sobre o estado da saúde e seguridade das persoas.

Están obrigados a proporcionar esta información o Goberno da Nación e das Comunidades

Autónomas, a Administración Xeral do Estado, os órganos públicos consultivos, as corporacións de dereito público e as persoas físicas ou xurídicas que teñan responsabilidades públicas. Se exclúen de dar información aqueles órganos no exercicio das súas funcións lexislativas ou xudiciais.

Participación do público no proceso de toma de decisións:

A participación dos cidadáns na toma de decisións públicas que poden afectar ao conxunto da sociedade e outro dos puntos que recolle o Convenio Aarhus.

Este dereito, lles permite expresar as súas observacións e opinións para que sexan tidas en conta polas autoridades públicas competentes. O crecente interese social polos problemas medioambientais ven reflectido en numerosos convenios internacionais e na actual Unión Europea impulsando e favorecendo o desenvolvemento das normas que promoven e garanten a participación cidadá.

A divulgación da información e unha maior participación dos cidadáns no proceso de toma de decisións, resultan fundamentais para a protección do medio ambiente. Recoñecendo este dereito a participar a todos os cidadáns dáse tamén cumprimento ao artigo 45 da Constitución que proclama o dereito dos cidadáns a gozar dun medio ambiente axeitado e o deber de respectalo, o que supón que todos os cidadáns temos o dereito a esixir aos poderes públicos de que adopten as medidas necesarias para facer efectivo este dereito e, en consecuencia, a participar no proceso de toma de decisións garantindo o dereito e cumprindo o deber de protexer o medio ambiente participando activamente na seu protección.

Acceso á xustiza ambiental :

O terceiro pilar do Convenio de Aarhus é o acceso á xustiza para impugnar decisións ambientais.

A Lei española cando recoñece o dereito á tutela xudicial ambiental, refírese principalmente á posible impugnación en vía administrativa e xudicial dos dereitos de información e participación que a propia Lei desenvolve e como peculiaridade recoñece a acción pública en materia ambiental para aquelas ONGs ambientais que acreditan unha serie de requisitos.

Este pilar do Convenio, permite ás persoas acudir aos tribunais ou a calquera outro organismo independente se consideran que o seu dereito de acceso á información ou á participación pública se viu vulnerado. Polo tanto, isto non é propiamente un dereito de acceso á xustiza para impugnar decisións ambientais, senón respecto á negativa do recoñecemento dun dereito subxectivo de acceso á información ambiental ou de participación.

Fosa atopada na canceira de O Carballiño con máis de 80 cans mortos.

Aarhus na práctica

Amigos da Terra conseguiu que se lle conceda a xustiza gratuíta. En base á mesma, designóuselle un avogado de oficio que levará a cabo as xestións xudiciais referidas ao alarmante caso da canceira de A Medela no concello de O Carballiño. A morte sen aclarar de 80 cans e o seu intento de soterramento nunca rudimentaria fosa feita polos operarios municipais, foi o desencadéante para pór en marcha esta ferramenta a través da cal preténdese evitar a impunidade dos autores materiais dos feitos e o cumprimento da normativa de protección animal e medioambiental.

É a primeira vez na nosa Comunidade que se concede a xustiza gratuíta a unha entidade ecoloxista para facer valer os dereitos ambientais ante un órgano xudicial. Esperemos represente un avance na defensa no medio ambiente galego.

Estudo sobre o Convenio de Aarhus

Amigos da Terra publicou o pasado mes de xuño, un Estudo sobre o manexo da normativa Aarhus ao que pode acceder de xeito gratuíto calquera persoa a través da páxina web da asociación e co que estará debidamente asesorado/a para exercitar calquera dos tres pilares que manexa Aarhus e a Lei española (Lei 27/2006, do 18 de xullo).

Centro de Educación Ambiental As Corcerizas

A bioconstrución, unha alternativa práctica fronte a un modelo en crise

Romain Denisot

info@ascorcerizas.com

Cada vez con máis frecuencia podemos escoitar ou ler nos periódicos, na radio, ou na televisión expresións como vivendas ecolóxicas, casas bioclimáticas, arquitectura ecolóxica, casas de baixo consumo e outras máis. Sen chegar a establecer as diferenzas entre estes conceptos, podemos dicir que todos se engloban nun concepto máis xeral que chamamos bioconstrución. Con esta palabra, construída basicamente polo prefixo "bio" que significa "vida" e pola palabra "construción", referímonos á rehabilitación ou construción de casas ou vivendas sas e integradas no medio.

A pesar da crise financeira da que se fala, e sobre todo coa crise ecosocial que estamos vivindo, seguimos a consumir enerxía dun modo incontrolado e en aumento. O consumo nas vivendas representou a nivel estatal, no pasado ano 2008, o 22% do consumo enerxético xeral, do que a metade foi destinado ao quentamento dos fogares. Aínda que as enerxías renovables representen unha alternativa viable, a realidade actual é que as enerxías máis utilizadas a día de hoxe seguen sendo o petróleo e o gas, enerxías limitadas e obsoletas unha vez pasado o cénit do petróleo [1]. Con isto chegamos á conclusión de que nos quedan 15, 20, 30, ou quizais tan só 50 anos de petróleo como moito, algo finalmente irrelevante á hora de definir unha estratexia. O que está claro, é que temos que trocar o noso xeito de vivir e de ocupar as nosas vivendas para non depender dunha enerxía cara, que contamina, e coa que pronto non contaremos.

O primeiro obxectivo da Bioconstrución faise evidente neste senso: aforrar enerxía. De feito, a enerxía máis limpa, máis barata e máis renovable é a que non consumimos. Ademais disto, unha casa de bioconstrución debe cumprir outros tres obxectivos: non prexudicar á saúde das persoas, non contaminar o medio, e asegurar un bo nivel de confort térmico. Para cumprir as catro funcións temos que aplicar unha serie de criterios básicos: protexerse do frío e da calor, orientar os edificios para aproveitar ao máximo o sol en inverno, deseñar paredes que respiren e utilizar materiais sans, naturais e locais.

Participantes do curso de bioconstrución preparando o illamento con balas de palla.

Á marxe do que é a visión térmica e técnica das casas feitas baixo estes criterios de bioconstrución, a pegada social e económica deste tipo de proxectos resulta moi interesante a nivel territorial. O feito de producir, mercar e vender materiais naturais e de orixe local, é un factor dinamizador e favorecedor de iniciativas de desenvolvemento local. Un exemplo desto é a palla, é un material de construción natural, san, dispoñible case en calquera lugar, e ,a maiores, moi económico.

As técnicas de construción con palla son bastante sinxelas, como puidemos comprobar no curso de bioconstrución que celebramos este verán en As Corcerizas. Durante a formación práctica, as/os participantes (arquitectas/os, bioconstrutoras/es, auto-construtoras/es, e particulares) coñeceron os principios físicos e térmicos a ter en conta na construción, rehabilitación e deseño de vivendas. Ademais, contamos coa colaboración da Rede de Permacultura Ibérica-Nodo Noroeste para a realización dunha parede con balas de palla e revoco con terra, e a participación nun debate no que relacionamos o tema da bioconstrución con outras problemáticas actuais: dependencia enerxética, transporte, consumo, extracción dos materiais e dereitos laborais nos países produtores destas materias.
A bioconstrución promove o uso dos materiais locais e das técnicas de construción tradicionais, presentándose como unha ferramenta social e económica ao servizo dos territorios.

[1]- **Cénit do petróleo:** é unha teoría acerca da taxa de esgotamento a longo prazo do petróleo, así como doutros combustibles fósiles.

Participantes do curso tras realizar un muro utilizando a técnica da “madeira cordada” (cal, leños, botellas de vidro e virutas de madeira).

PINTURA DE PATACA

- 1 Kg de pataca
- 1.5 Kg de xeso
- 400 gr de ocres naturais
- 8 litros de auga

Como facela?

- Pelar as patacas
- Cocelas
- No mesmo tempo facer ferver 4 litros de auga
- Unha vez que están cocidas, facer un puré coas patacas
- Mesturar a auga quente coas patacas (pódese utilizar un batedor para mesturar os dous ingredientes)
- Mesturar o xeso con 2 litros de auga fría
- Mesturar os pigmentos ocres con 2 litros de auga fría
- Mesturar os pigmentos ocres co xeso
- Mesturar o puré de patacas coa mestura xeso / pigmentos ocres

Cambio Climático

A enerxía nuclear nunca poderá ser unha solución realista

Irene Baspino

cambioclimatico@amigosdaterra.net

Atopámonos nunha situación na que urxe actuar fronte ao cambio climático. Os científicos do Panel Intergubernamental do Cambio Climático alertan da necesidade de reducir de forma importante e inminente as emisións de CO_2 para evitar un aumento da temperatura de máis de 2ºC.

Diferentes estudos amosan que os sectores da enerxía e do transporte son os principais culpables das elevadas emisións, e aínda así, nos mostramos reticentes a aceptar que, queiramos ou non, atopámonos no momento de apostar por un cambio de sistema enerxético.

Ao mesmo tempo, o lobby "pronuclear", para tentar reverter o declive no que se atopa nos últimos tempos, basea o seu discurso en presentar a opción nuclear como unha compoñente imprescindible á solución do dilema enerxético-climático ao que nos enfrontamos e, que segundo esas fontes, xustificaría outro ciclo inversor en centrais nucleares.

Actualmente, no discurso "pronuclear" adoitamos escoitar frases do tipo " a enerxía nuclear é limpa, é a única que non emite CO_2", "tendo en conta que hai que deixar de depender dos combustibles fósiles, ningunha enerxía, a excepción da nuclear, poderá responder á actual demanda enerxética e ao aumento que se prevé ", etc. Que ten todo isto de certo? Pois á vista dos informes técnicos, podemos dicir que máis ben pouco, a non ser que queiramos seguir cos ollos pechados, apostando por poñer parches no canto de optar por solucións reais.

Comecemos por analizar o momento actual da enerxía nuclear e as súas realidades. Na actualidade, con 436 reactores nucleares en todo o mundo (8 menos que o máximo de 444 reactores acadado no 2002), proporciona só o 6% da enerxía primaria comercial e entre un 2-3% da enerxía final consumida, unha cuota menor que a cuberta polas centrais hidroeléctricas. Ademais, hai que ter en conta que o parque de reactores está bastante envellecido, xa que máis da metade dos reactores en funcionamento xa teñen superado o ecuador da súa vida útil, que se supón en 40 anos.

Dados os prazos de licencia e construción, ou se inicia pronto un importante programa de construcións ou a cuota de produción eléctrica nuclear seguirá descendendo ano tras ano, ata quedar reducida a algo marxinal e cuns tremendos custes pasivos correspondentes ao desmantelamento das centrais e á xestión dos residuos acumulados. Á vista disto, cabe pensar que de producirse un alargamento das licenzas máis aló dos 40 anos, isto pode res-

ponder máis a imposibilidade material de ir substituíndo o actual parque nuclear que a outras consideracións.

Ademais, segundo un informe presentado polo Massachussetts Institute of Technology (MIT) no 2003, faría falla non só substituír o actual parque nuclear, senón triplicalo de aquí a 2050 para poder reducir entre un 15% e un 25% o incremento de emisións de CO_2 previstas, nin sequera a metade do que se estima preciso. Ante isto, teñamos en conta que para triplicar o parque actual teríamos que iniciar a construción de tres centrais nucleares ao mes durante os próximos 60 anos, algo técnica e economicamente imposible.

Por outra banda, con esta redución non chegaríamos a tempo de facer fronte ao cambio climático a base de nucleares, xa que é necesario que as reducións de emisións sexan inminentes, 40% para 2020, e as centrais nucleares levan moito tempo na súa construción. Por exemplo, tardouse 23 anos en construír a última central aberta en EEUU en 1996. De xeito que, cando estiveran todas construídas atopariámonos co problema de non ter uranio dabondo, xa que segundo a Organización Mundial de Enerxía Atómica (IAEA), os recursos de uranio dispoñibles poderían non cumprir co volume de esixencia, nin sequera para cubrir as necesidades das centrais hoxe en explotación ao ano 2035 cunha demanda de nivel medio.

Por se fora pouco, aínda están por atoparse solucións a dous dos considerados principais problemas das nucleares. Un deles é a xestión dos residuos radioactivos, cuxo nivel de radioactividades se prolonga durante centos de miles de anos. Actualmente, en todo o mundo xéranse 12.000 toneladas destes residuos ao ano, que na súa maioría estanse a almacenar nas propias centrais...e que faremos cando as piscinas estean cheas? En España, isto está a piques de suceder nas centrais de Cofrentes e Asco I. A opción máis aceptada por agora é, o "almacenamento xeolóxico profundo", o principal handicap é que só existe sobre o papel. O outro gran problema é a seguridade, xa que constantemente se detectan fendas na seguridade das centrais en funcionamento. En España, o debate nuclear viuse reavivado este ano ante a situación da central de Garoña, cuxo peche inmediato debería estar fora de toda discusión, xa que neste caso en particular, debería abondar o feito de que nos últimos 4 anos houbo máis de 4 sucesos de seguridade penalizados de Nivel 1 na Escala Internacional de Sucesos Nucleares (INES). Ademais de continuos incidentes deste tipo en boa parte das centrais xa envellecidas, hoxe en día considérase como principal risco de seguridade a proliferación de armamento nuclear, algo do que, a nivel dos gobernos, ninguén fala claro, pero todos temen porque saben o que hai.

Inda por riba, nin sequera se sostén o argumento de que a nuclear é unha enerxía barata, xa que máis dun informe técnico (como o MIT) conclúen, que a enerxía nuclear non é competitiva economicamente nuns mercados enerxéticos cada vez máis liberalizados. E isto sen deternos a falar dos elevados custes de construción e desmantelamento das centrais, así como os de xestión dos residuos, dos que ninguén parece lembrarse, de ahí que ningunha empresa privada estea disposta a asumilos senón é con cuantiosas axudas do Estado. En definitiva, un rexurdir nuclear pouco podería aportar á solución dos problemas ante os que nos enfrontamos, máis ben podería agudizalos ou, como mínimo, retrasar e entorpecer o desenvolvemento doutras opcións máis eficaces, e con menos custos, como son as enerxías renovables.

Dende Amigos da Terra, temos claro que é tempo de apostar por un sistema enerxético sostible, xusto e respectuoso co medio ambiente, e é evidente que a "enerxía nuclear" xamais poderá ser cualificada con ningún destes adxectivos. Así mesmo,somos conscientes de que para afrontar o cambio de sistema enerxético non abonda só con medidas políticas, senón que hai que incidir nos hábitos cotiáns da poboación de cara a reducir os nosos esaxerados e insostibles consumos enerxéticos actuais, e ,como ata agora, seguiremos a traballar tamén nesa liña, coa educación ambiental como ferramenta esencial, porque "ante o cambio climático...É TEMPO DE ACTUAR!"

RESIDUOS
Reciclando Ideas

María Durán residuos@amigosdaterra.net

Aínda lembro cando iamos buscar o refresco nunha botella de vidro valeira e na taberna trocábanola por outra semellante pero chea, lembro tamén cando a miña nai facía a compra co carriño e o meu avó aproveitaba todo o que era lixo para as plantas, para os gatos, para as galiñas. Lembranzas que non son tan remotas e que quedaron no imaxinario colectivo galego ligadas o pasado que desprezamos e do que fuximos espavorecidos.

Algo cambiou na nosa cabeza en pouco tempo e de forma radical. Pasamos de sacar o máximo partido a todo, a converter todo en lixo sen reflexionar demasiado. A través da televisión a cultura norteamericana do usar e tirar foise introducindo nas nosas vidas sen que nos désemos conta, desbancando á nosa cultura do aproveitamento, reutilización e aforro. Hoxe, chega a sinxeleza das cousas ben feitas.

Qué pensa a sociedade galega dos residuos de envases?

Ao longo do ano 2009, a área de residuos estivo embarcada na aventura de coñecer as razóns que fan que as sociedades que se din industrializadas, como é o caso da galega, xeren tal cantidade de residuos de envases que a Xunta de Galicia se ve obrigada a meter baixo a alfombra as 1.197.980 toneladas de lixo que as galegas e galegos xeramos anualmente [1].

O estudio sociolóxico elaborado en colaboración coa Universidade Autónoma de Madrid, levouse a cabo nos 4 grupos locais de Amigos da Terra e noutras tantas autonomías do Estado. É pioneiro en Galicia e pretende marcar un antes e un despois no papel que xogarán os colectivos sociais á hora de incidir nas políticas de xestión de residuos.

Xurde da necesidade de coñecer a percepción da sociedade española e galega respecto das problemáticas dos residuos que contribúa a trazar as liñas estratéxicas de traballo da organización nos vindeiros anos.

As conclusións do estudo amósanse reveladoras [2]

· A reciclaxe é para os galegos a única alternativa para a xestión dos residuos, eclipsando o papel da redución e da reutilización. E o que é peor, a reciclaxe convértese en sinónimo de coidado ambiental. Un placebo que ten na irreflexión sobre o modelo de consumo o seu maior aliado.

· Por outra banda, as administracións públicas resultan ser as principais culpables da problemática dos residuos, e tócalles cargar coas críticas da cidadanía, que en xeral eleva a categoría de dereito o de "tiro onde e como me peta o lixo da miña casa, que para iso pago impostos", baleirando de autocrítica as reflexións ao respecto dos residuos de envases.

· O descoñecemento dos prexuízos e a falla de sensibilidade coas problemáticas ambientais asociadas aos residuos é a terceira das conclusión relevantes e confirma a sospeita de que é preciso incidir na educación ambiental como ferramenta de sensibilización e de transformación do modelo de consumo.

Todas as conclusións extraídas atopan un fío condutor no modelo actual de produción e consumo. A nova "televisión dixital terrestre" por exemplo fixo que en Galicia unha de cada dez familias tirara a súa televisión ao lixo para mercar unha nova [3], xerando un volume suficiente como para encher catro piscinas olímpicas de televisores aínda operativos. "É que a cultura do usar e tirar si que non ten desperdicio".

Que nada se mova para que todo siga igual

Sobre esta máxima asentáronse as políticas públicas do novo goberno galego, ata tal punto que o seu máximo responsable en materia de medio ambiente (Agustín Hernández) chegou a declarar: "aínda que crezan as toneladas de residuos que se xeran, pódese minorar a presión que agora ten Sogama, a base de derivar unha parte do lixo ao que é o obxectivo último da xestión de residuos: a reciclaxe" [4] ou "a realidade demostrou que o modelo de Sogama foi un xeito eficaz e ambientalmente correcto de tratar os residuos sólidos urbanos" [5].

Por outra banda, o novo Presidente de Sogama, Luis Lamas declarou: "non vexo que a compostaxe, por si soa, funcione cos residuos" [6]

Ante estas declaracións, Amigos da Terra quixo amosar a súa preocupación pola dirección das políticas na xestión dos residuos do novo goberno galego que apuntan á volta á incineración e a reciclaxe, ou dito de outro modo, a unha volta as fracasadas políticas do pasado que amosaron ser económica e ecolóxicamente inviables e que perpetúan o atraso galego. Galicia incinera unha cuarta parte dos seus residuos, só superada en porcentaxe por Baleares) [7].

Alternativas e propostas ecoloxistas

En xullo de 2009, presentáronse publicamente e puxéronse á disposición do Conselleiro de Medio Ambiente as propostas dos grupos ecoloxistas galegos, que vemos na redución e na compostaxe a alternativa ao colapso de Sogama [8]. A xestión descentralizada que propomos, fronte a centralizada do modelo actual. Xerar menos fronte a xestionar máis.

Amigos da Terra critica que a reciclaxe se transmita como opción única e suficiente e aposta pola educación ambiental para dar a coñecer a cidadanía as problemáticas asociadas aos residuos. Do mesmo xeito, propoñemos que se debería valorar a imposición de medidas sancionadoras e impositivas para o control de residuos, como os das bolsas gratuítas de un só uso dispensadas especialmente polos supermercados. Estas medidas, segundo o estudo sociolóxico elaborado este ano, son as que a cidadanía percibe como máis efectivas [9]. Fronte a resposta ecoloxista, a Consellería de Medio Ambiente fixo público un novo plan de residuos en setembro de 2009 no que coloca a compostaxe como un dos eixes centrais do proxecto. Lonxe de pensar que "a cantidade de residuos son un termómetro da actividade económica" [10] en Amigos da Terra pensamos que o modelo de produción e consumo está en interdito, e compre un xiro de 180 graos que afaste as nosas expectativas da lóxica consumista e que nos achegue cara outro modelo posible.

Diría o meu avó que pedimos unha volta ao pasado: consumir menos, separar mellor, recuperar o hábito das botellas retornables e o carriño para ir a mercar. Pero non se trata de volver ao pasado, senón de "reciclar" as ideas sinxelas que fan a xente vivir mellor e que contribúen a sustentabilidade ambiental. Reciclemos ideas entón.

[1] - El Correo Gallego (01/11/2009)

[2] - Estudo Sociolóxico sobre a produción excesiva de residuos de envases.

[3] - Galicia Ambiental (01/07/2009)

[4] - Atlántico Diario (17/05/2009)

[5] - Xornal de Galicia (16/08/2009)

[6] -Galicia Hoxe (16/8/2009)

[7] - Situación de las basuras en España (2006- Greenpeace)

[8] - Propostas para a xestión dos RSU en Galicia (Amigos da Terra e FEG)

[9] - Estudio Sociológico sobre la producción excesiva de residuos de envases.

[10] - Sin consumo no hay reciclaje. El País. (30/08/2009)

CONSUMO SUSTENTABLE

Obxectivo: Galicia Zona Libre de Transxénicos

info@amigosdaterra.net Analía Moares

O traballo de Amigos da Terra na área de consumo sustentable céntrase en diferentes aspectos: comercio xusto, no que temos unha campaña sobre Café Xusto, agrocombustibles, consumo responsable, soberanía alimentaria e transxénicos. Non obstante, durante o ano pasado a maior parte dos esforzos da asociación estiveron postos no campo dos transxénicos, co obxectivo de conseguir que a totalidade do territorio galego fora nomeada Zona Libre de Transxénicos.

Así, un ano e medio despois de que Amigos da Terra conseguise a declaración de Lalín (Pontevedra) como primeiro concello en Galicia declarado "Zona Libre de Transxénicos", a presión dos movementos sociais e a oposición da cidadanía contra os OXM,s (organismos xeneticamente modificados) continúa aumentando.

Amigos da Terra participa activamente na Plataforma Galega Antitransxénicos, constituída por máis dunha trintena de colectivos sociais e que está a realizar un arduo traballo para liberar á comunidade galega dos transxénicos. Calquera vía é válida para demandar información e transparencia, para divulgar os verdadeiros intereses e graves consecuencias do cultivo e consumo de transxénicos, para esixir as nosas/os gobernantes seguridade e soberanía alimentaria para os pobos. Deste xeito, dende a súa creación, mantivemos reunións cos representantes de grupos políticos, mandamos notas de prensa, envíamos alegacións, fixemos accións reivindicativas, editamos material, estivemos presentes en foros, etc.

Unha das accións máis relevantes tivo lugar a finais de 2008, cando Amigos da Terra xunto coa Plataforma trasladouse ata o Parlamento Galego onde se debatía unha Proposición non de Lei para declarar Galicia Zona Libre de Transgénicos (ZLT). O resultado foi, tal e como se esperaba, unha ampla falta de compromiso e grave descoñecemento por parte dos/as parlamentarios/as que, evitando a declaración como ZLT , deixaron á vontade da Xunta de Galicia a posta en marcha dunha serie de medidas laxas e contraditorias.As multinacionais da biotecnoloxía, non alleas a esta mostra de debilidade, viron unha porta aberta aos seus intereses, e foron cinco os municipios

Acción de rúa en contra dos transxénicos en Pontevedra.

galegos que aparecían a principio de 2009, na lista de solicitude de campos experimentais de millo transxénico publicada polo Ministerio de Medio, Medio Rural e Mariño.

Grazas ao traballo en rede cos grupos de Amigos da Terra reaccionamos en tempo e forma, e ademais de presentar alegacións a estas solicitudes e requirir información ambiental, mantivemos unha reunión, representando á Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA), con Andrés Núñez Rajoy, representante galego na Comisión Nacional de Bioseguridade, quen confirmaba a función meramente informativa da Comisión e abría unha vía de comunicación entre Administración e cidadanía.

Por outra banda, o 18 de abril tivo lugar en Zaragoza a primeira manifestación antitransxénicos a nivel estatal, baixo o lema "Por unha Alimentación e unha Agricultura Libres de Transxénicos". Agricultores/as, ecoloxistas e consumidores/as percorreron a cidade esixindo ao Goberno que seguise o exemplo de Alemaña, oitavo país da Unión Europea en prohibir o cultivo de millo transxénico no seu territorio.

A multitudinaria manifestación supuxo o acto central dunha semana de accións en todo o territorio contra os transxénicos. Unha destas accións foi o "Enterro da agricultura" que tivo lugar na Praza Roxa de Santiago de Compostela o venres 17, na que participamos membros da Plataforma Galega Antitransxénicos e da Rede Galega Anticapitalista. Neste particular enterro, á vez que celebramos a décimo terceira edición do Día da Loita Labrega, manifestamos o noso dereito a unha alimentación e unha agricultura libre de transxénicos.

Con todas estas actuacións conseguimos presionar ao goberno central, quen se atopou nunha situación moi comprometida cando lle preguntaron polo futuro dos transxénicos en España ante o grande éxito da manifestación de Zaragoza.

Nestes intres, o traballo de Amigos da Terra céntrase en descubrir que sucedeu cos campos experimentais de transxénicos en Galicia, así como na apertura de novas vías de comunicación co novo goberno da Xunta de Galicia.

Se estás interesado/a en declarar o teu concello Zona Libre de Transxénicos, conta coa asociación para levar adiante a proposta. Dende Amigos da Terra animamos a todos/as a participar neste movemento. A loita antitransxénica continúa!

Manifestación Estatal Antitransxénicos de Zaragoza.

Que podes facer tí?

- Non merques productos que conteñan a frase "modificados xeneticamente" ou "producido a partir de sustancia modificada xeneticamente"

- Evita no posible os produtos elaborados e precociñados, xa que soen ter fariñas, almidón ou aceite de millo ou soia, con alta probabilidade de conter transxénicos.

- Merca produtos ecolóxicos e de comercio xusto; certifican que non conteñen transxénicos.

- Informa aos/á teus/túas amigos/as e familiares desta grave problemática.

- Súmate ás acción de Amigos da terra para:

o Esixir o dereito á información e a elexir qué comemos.

o Protexer a nosa saúde e as nosas terras, defendendo a soberanía alimentaria dos pobos.

o Evitar as importacións masivas de pensos e alimentos transxénicos.

o Declarar Galicia Zona Libre de transxénicos.

o Promover redes alternativas de consumo responsable.

ÉXITO DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DE AMIGOS DA TERRA : O SALVADOR

Conservación dos recursos mariños-costeiros e fortalecemento do sector pesqueiro en Bahía da Unión.

cooperacion@amigosdaterra.net

Judith Sing

O territorio de Bahía da Unión e as Illas do Golfo de Fonseca pertencen ao departamento da Unión, adscribíndose política e administrativamente aos municipios de Pasaquina, San Alejo, A Unión,Conchagua e Meanguera do Golfo.

A sobreexplotación do Golfo de Fonseca, vinculada á falta de coñecementos sobre os ciclos e migracións das especies acuáticas, a destrución dos bosques de mangleiros, a escasa presenza das autoridades locais e o manexo irresponsable xeneralizado dos recursos naturais, ameazan constantemente a vida do Golfo.

Ao mesmo tempo, todos estes problemas están provocando a progresiva desaparición da pesca artesanal, reducindo os ingresos económicos das familias, orixinando un aumento das actividades ilegais, un maior nivel de desemprego e unha diminución da calidade de vida dos poboadores.

Axudar a comprender que a pobreza e a degradación ambiental están intimamente relacionadas é o traballo que Amigos da Terra desenvolve a través de cada unha das accións que realiza en cooperación. Nesta ocasión, o proxecto que levamos a cabo en Bahía da Unión en colaboración con CODECA, actúa directamente sobre un sector vulnerable, marxinado e excluído como é o dos pescadores/as pobres do Golfo de Fonseca e o conxunto das comunidades da Bahía. Ofrecémoslles por unha banda, a posibilidade de contar cun gremio legal con suficiente forza para incidir en decisións a través da participación cidadá democrática, pero tamén, os fortalecemos profesionalmente como pescadores ou marisqueiros, a través dun manexo sostible e diversificado das áreas de bosque de manglar e mariñas, o que lles permite cultivar algunhas especies, explotar outras, e diversificar a captación e a reprodución en áreas protexidas.

Ademais, dotámoslles de instrumentos de mellora do produto a través de cursos sobre prácticas adecuadas e a construción dun centro de provisión e manexo do peixe.

Por outra banda, o fortalecemento das mulleres, a través da súa incorporación nas labores e no aproveitamento dos subprodutos de pesca e outro dos sectores clave no que centramos o noso traballo en O Salvador.

De forma máis específica estamos traballando en:

-Aumentar a organización comunitaria e capacitar aos pescadores e marisqueiros a través de técnicas en organización e formación de cooperativas, legalización dos seus medios de pesca e un rexistro de pescadores/as para un maior control.

-Desenvolver un programa de vixilancia e control na Bahía da Unión que mellore os controis naquelas zonas críticas onde se atopan os hábitats das especies ameazadas e en perigo de extinción.

-Desenvolvemento dun programa para a conservación e explotación sostible, mediante á asignación de zonas de bosque de mangleiros ás comunidades, promovendo o cultivo de especies de maior valor comercial, a organización de comités comunitarios de control e vixilancia, establecemento de zonas de semicultivo (viveiros), zonas de produción natural e zonas vedadas.

Pescador artesanal cunha parte da captura.



Mapa de Bahía da Unión.

Así mesmo, educámoslles no manexo das zonas asignadas, na ordenación dos tempos e tipos de pesca e captura, así como o uso de apeiros adecuados e promoción da diversificación nas capturas.

-Elaboración de estudos de biodiversidade centrándose na dinámica de reprodución das especies e na capacidade de carga do ecosistema, permitindo tomar as decisións adecuadas.

-Fortalecer a xestión integrada do Golfo de Fonseca, a través da participación de todos os actores locais nas accións de manexo dos recursos mariño-costeiros de Bahía da Unión.

O proxecto que levamos a cabo en O Salvador beneficia de forma directa a 855 persoas, das cales o 31% son mulleres.

En definitiva, desde Amigos da Terra, seguimos opinando que para conseguir a total erradicación da pobreza é necesaria unha cooperación ao desenvolvemento de calidade, que non é outra que aquela que contribúe a unha xestión sostible dos recursos naturais, a través da participación activa de todas y todos os membros das comunidades beneficiarias e que ademais, incida na necesidade de promover un consumo responsable que garanta unhas relacións norte- sur equitativas.

Grupo Local Pontevedra

voluntariado.galicia@amigosdaterra.net

Vigozoo... celebrará o seu 40 aniversario?

No ano 1971 abría as portas o zoolóxico de Vigo, anunciado co "dubidoso mérito" de ser o primeiro Zoo de Galicia. Vigozoo naceu a cabalo de dúas visións de finais dos anos 60. Por unha banda, a herdanza das "casas de feras" do século XIX, co seu solapado espírito de ser a imaxe da dominación do home fronte a natureza e pola outra o "achegamento da fauna salvaxe ás zonas urbanas" creando unha ilusión con esas pseudo-recreacións da vida silvestre que tiñan tanto de natureza como unha flor de plástico.

Pero os comezos marcan carácter, e unha instalación zoolóxica que se instala na peor situación imaxinable, nun outeiro orientada cara ó norte, o que provocou que nos primeiros anos algúns animais exóticos morreran de frío, e nuns terreos usurpados aos seus lexítimos propietarios, non pode acabar ben. De feito, máis de tres décadas despois a xustiza recoñeceu que a propiedade dos terreos non era municipal, senón da Comunidade de Montes de Teis.

Ademais, consultando os distintos informes sobre a situación dos parques zoolóxicos de España das últimas tres décadas, o zoo de Vigo nunca saíu da "lista negra" dos peores zoolóxicos do Estado. Amigos da Terra foi un dos numerosos colectivos ecoloxistas que denunciaron reiteradamente a lamentable situación do zoo e a indiferenza municipal, xa que mandato tras mandato, as distintas agrupacións locais que pasaron polo concello, nunca se tomaron realmente en serio a necesidade de remodelar absolutamente o zoo ou ter o valor de pechalo.

Como acontece frecuentemente en cuestións ambientais, a entrada na Unión Europea marcou un punto de inflexión tamén para Vigozoo. A finais dos anos 90 chega a Directiva Europea de Zoos, unha Directiva que Vigozoo, evidentemente, incumpría sistematicamente. No caso da Unión Europea "non serviron" os parches, as lavadas de imaxe e as promesas valeiras.

A día de hoxe, e grazas á Unión Europea, que perdeu a paciencia tras case dez anos de prórrogas, Vigozoo ten, por fin, un ultimátum: ou se cumpren todas as medidas, ou a sanción pode ser histórica

O estado dos primates no zoo era lamentable.

e incluso decretarse o peche definitivo. E mentres se toman as medidas para adaptarse a dita normativa o zoo deberá pechar as portas ao publico.

O “anecdotario” terrible de Vigozoo ao longo da súa historia ocuparía centos de páxinas, pero sirva como mostra deste nefasto proceso e destas promesas sistematicamente incumpridas que cando nos anos 90 decídese, por fin, investir unha cantidade significativa nas melloras do zoo, nun momento en que, por exemplo, a maioría das instalacións aínda carecían de puntos de auga e tíñanse que tender mangueiras por todo o recinto e moitos animais seguían agonizando en gaiolas de dimensións aberrantes dos anos setenta, ese diñeiro destinouse preferentemente a facer un enorme edificio administrativo, un salón de actos e, por suposto, un bar.

Tempo despois, empezan a chegar por fin as melloras “serias” nas instalacións dos animais. Non obstante, a tendencia xeneralizada foi case sempre facer as obras pensando nos visitantes antes que no benestar dos animais cautivos nelas. Así, asistimos a espectáculos tan arrepiantes como un foxo de auga no recinto dos osos, no que si se metían non podían saír. Os responsables, déronse conta dese “detalle” ao ter que tirar un lateral dunha estada para que unha osa puidera subir e saír da auga cando xa faltaba pouco para que morrera afogada.

Outro exemplo foi a instalación para grandes felinos feita en dous niveis. Ninguén pensou que si fixeran unha estrutura de ponte baixo o nivel superior poderían darlle un 25% máis de espazo e simular unha cova que melloraría o seu benestar.

En calquera caso as obras para mellorar as condicións dos animais sempre se fixeron con moita calma. Os primates, por exemplo, permaneceron ata fai un par de anos nas mesmas gaiolas terroríficas que databan de 1971. Seguindo a costume, a nova instalación, denominada “illa dos monos” outra vez se pensou para deleite dos visitantes e carecía de enriquecemento ambiental algún para os pobres primates.

Pero ademais de asuntos relativos ó benestar animal, as carencias detectadas no cumprimento da normativa europea van moito máis alá, atopándose graves defectos en asuntos de seguridade, tanto para visitantes como para o contorno, alimentación, atención veterinaria, etc. Nestes intres, descoñecemos o resultado final desta lenta agonía. Pode ser que entre o Concello de Vigo e Xunta de Galicia acaden un acordo e o zoo non chegue a pechar as portas, ou pode que no momento de ler estas liñas Vigozoo estea pechado adaptándose, por fin, ás normas. En calquera caso xa forma parte da crónica negra do medio ambiente galego.

Parece pertinente non rematar sen facer mención a que Vigozoo, como tantas cousas, sempre foi útil para a clase política unicamente como arma, xa que lembremos que ao longo desta nefasta historia de maltrato e incumprimentos sistemáticos das normativas durante décadas, foron alternándose na responsabilidade municipal tanto o PP como PSOE e BNG.

Para Amigos da Terra non se xustifica a existencia, no século XXI, dun zoo como o de Vigo. Gustaríanos, e seguiremos loitando por este fin, que se peche definitivamente e que as súas instalacións e persoal se destinen ao centro de acollida de especies CITES, ou de apoio a rede de centros de recuperación de fauna silvestre, e sobre todo, que se cedera parte do seu presuposto e instalacións á protectora de animais de Vigo, que fan unha labor infinitamente máis útil e necesaria que esa “casa de feras”. E por suposto, que nunca se utilice a Educación Ambiental para intentar xustificar o que desde a mesma Educación Ambiental considérase absolutamente inxustificable.

Un dos exemplares de oso pardo co que conta Vigozoo.

Grupo Local Pontevedra

A depuradora de Vigo:
Crónica dunha sanción anunciada

voluntariado.galicia@amigosdaterra.net

A Unión Europea anunciaba fai uns anos, unha sanción multimillonaria, uns 24 millóns de euros, en contra do Concello de Vigo, polos vertidos contaminantes á ría e as deficiencias na rede de saneamento e depuración, que non alcanzaban os parámetros mínimos esixidos pola normativa comunitaria ambiental. Unha relativa sorpresa, posto que a crónica das denuncias ecoloxistas, veciñais, de entidades que viven da pesca e o marisqueo, nos últimos anos, por vertidos á ría de Vigo e ao río Lagares podería encher unha biblioteca.

Curiosa situación, se lembramos que non fai moito inaugurábase a depuradora de Xunqueira do Lagares con gran pompa e fastos, e políticos de toda pelaxe "apretados" para saír na foto. A "macrodepuradora de Vigo" tanto para o PP, o PSOE como para o BNG era "unha marabilla, que por fin remataría cos vertidos á Ría" ou "un desastre e unha chapuza que non serviría para nada", dependendo de se os partidos estaban no goberno ou na oposición. Por outra banda, ao repasar as hemerotecas destes anos, Amigos da Terra percátase, de que foi cuestionada no seu proxecto, en moitos aspectos antes incluso de empezar as obras.

As críticas argumentaban que a depuradora tiña:

- Mala ubicación. Posto que está situada ao final do núcleo urbano, nun extremo da cidade que implicaba ter que instalar varias estacións de bombeo para salvar os desniveis dunha orografía tan complexa como é a de Vigo. Estacións de bombeo, que en caso de avaría, cousa probable, deixarían á cidade sen depuración. Por outra banda, estaba instalada nunha marisma litoral, un dos poucos espazos naturais relevantes que sobrevivían no litoral da cidade.

- Mal dimensionada. Xa que o caudal que a instalación era capaz de procesar non chegaba nin ao 60% do total recibido… en



condicións normais. E en caso de choiva, cousa frecuente, desbordábase todo o sistema.

- Mala separación de augas. Xuntando augas residuais con pluviais, e estas, como se demostrou despois, a súa vez "pinchadas" por colectores de vertido industrial.

- Problemas de saúde pública. Debido á proximidade das vivendas, un aspecto que levan denunciando os colectivos veciñais da zona, sen que ninguén faga nada.

- Mal plantexamento estratéxico. O feito de apostar todo o sistema de depuración de auga a unha soa instalación implica necesariamente que ante o primeiro fallo da depuradora a totalidade das augas residuais verteranse á ría sen tratamento algún.

Unha vez en marcha, cunha inversión multimillonaria, simplemente se confirmaron fisicamente unha por unha ditas críticas previas. E que dicía entón o Concello?, pois dependendo de se os partidos estaban no goberno ou na oposición, negaban ou confirmaban ditos impactos socioambientais e polo Concello rotaron todos.

En definitiva, a cidade máis grande de Galicia, e proporcionalmente a que máis vertía a súa ría, non estaba solucionando ese grave problema con esta instalación.

Fai uns anos, tivo lugar unha anécdota que resume claramente todo o exposto.O colector da depuradora rompeu e os vertidos chegaron ás praias, que por insalubridade pecháronse ao baño no entorno da desembocadura do Río Lagares. Inmediatamente formouse un caos político, pois se acercaba a tempada de verán e se dicía que era "mala publicidade" ter unha praia pechada por contaminación, aínda que, o problema para algúns non era tanto a contaminación como que o asunto transcendese á opinión pública. O caso foi que salvo os colectivos ecoloxistas e mariñeiros, ninguén reparou no detalle de que o colector roto que contaminou esa zona de praias era o de saída da depuradora, que tería que levar auga presuntamente "depurada". O fin do esperpento foi ver un par de días despois ao Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Vigo, dando unha rolda de prensa garantindo que o asunto xa estaba perfecta e definitivamente solucionado, mentres simultaneamente, unha televisión local transmitía dende unha gamela, en rigoroso directo, a saída á superficie dos borbotóns xigantes do colector que seguía roto e vertendo. Vigo, ás veces, ten estas contradicións ambientais, ser unha cidade denunciada reiteradamente pola Unión Europea polos vertidos contaminantes á ría, e lucir cada ano unha morea de bandeiras azuis. Esta aparente contradición se explica si lembramos que a Unión Europea xa fai moitos anos que deixou de apoiar o invento das bandeiras azuis, precisamente polo escaso rigor que existía en todo o proceso. A día de hoxe, as bandeiras azuis están xestionadas por unha entidade privada.

O caso é que, promesa vai e promesa vén, a Unión Europea segue o procedemento sancionador e, grazas as liortas políticas habituais, dende Amigos da Terra tememos que rematará o prazo, prorrogado pola Unión Europea, e Vigo seguirá vertendo á ría, mentres que os gobernos centrais, autonómicos e locais van rotando de partido en partido sen facer na práctica máis que tirarse as culpas uns a os outros, e por suposto, agardando que cando chegue a multa europea a eles os colla na oposición.

A proposta de Amigos da Terra:

- Facer unha separación e tratamento diferencial de augas pluviais e augas residuais, e unha separación estrita das augas residuais urbanas e das industriais.

- Vixiar e controlar o estrito cumprimento das normas sobre depuración e vertidos das empresas e industrias.

- Diversificar a rede de saneamento, instalando unha rede de depuradoras en cadea ao longo das cuncas dos vales urbanos (unha depuradora para o entorno de Teis, outra para a zona centro e outra para Bouzas, instaladas en terreos da autoridade portuaria), de xeito que ante unha avaría dunha das depuradoras ó resto da rede podería asumir parcialmente a depuración.

- Manter a actual depuradora da Xunqueira do Lagares unicamente para a depuración das augas residuais urbanas da cunca do Lagares e Val do Fragoso.

MICRONOVAS

Pequenos grandes logros de Amigos da Terra

Internacional

O Banco Mundial decide deter as inversións en aceite de palma

Amigos da Terra celebra o anuncio do Banco Mundial de deter todas as inversións en aceite de palma. Durante os últimos anos, grupos de Amigos da Terra de todo o mundo denunciaron reiteradamente que a súa expansión a gran escala produce deforestación e abusos sobre os dereitos humanos en países como Indonesia, Malasia ou Colombia.

Irlanda declárase Zona Libre de Transxénicos

O Goberno de Irlanda anunciou a decisión de prohibir o cultivo de Organismos Modificados Xenéticamente (OMX) no seu territorio. Amigos da Terra en Irlanda foi unha das ONG´s que presionaron ao Goberno para acadar este obxectivo e finalmente o conseguiron. Irlanda, convértese deste xeito no noveno país da Unión Europea en prohibir o cultivo de transxénicos.

Heroes do medio ambiente 2009

A prestixiosa revista TIME, nomeou entre líderes, visionarios, científicos, activistas, etc. a 31 persoas arredor do mundo como Heroes do Medio Ambiente 2009, e entre eles atópanse dous membros de Amigos da Terra, Nnimmo Bassey, Presidente de Amigos da Terra Internacional e membro de Amigos da Terra Nixeria e Syeda Rizwana Hasan, directora de BELA/Amigos da Terra Bangladesh.

Reforestación de fincas en Somoto (Nicaragua)

Este proxecto de Amigos da Terra en Madrid en colaboración con outras entidades, beneficiou a máis de 80 campesiños de Somoto, en máis de 44 hectáreas de terra, aos que se lles facilitaron plantas de especies rexenerativas para as súas fincas. O principal obxectivo deste proxecto era a recuperación de zonas rurais, afectadas polos despales indiscriminados, debido á gran demanda de leña das empresas de rosquilla da zona .

Premio honorífico Educatif Sensibilización

"Manual de uso para una nave espacial", o documental de Amigos de la Tierra en Madrid sobre cambio climático, gañou o premio honorífico Educatif Sensibilización, no pasado Festival de cine de Pamplona. A partir de agora, o documental formará parte dos materiais que os distintos centros educativos de Navarra utilizarán para educar e sensibilizar aos máis mozos.

Noveno ano da campaña "Axuda a vivir: Doa sangue e planta unha árbore"

Esta campaña de Amigos da Terra, que deu comezo no ano 2000, desenvolveuse por noveno ano consecutivo na cidade de Ourense. Ten un dobre obxectivo, mellorar a información dos cidadáns sobre a doazón de sangue e provocar unha especial sensibilidade social a prol da conservación do medio ambiente, xa que por cada doazón contabilizada no transcurso desta campaña plántase unha árbore nas inmediacións do municipio ourensán. A campaña ampliouse a outras cidades galegas, como por exemplo Vigo, onde xa van dúas edicións da mesma.

Xustiza gratuíta para Amigos da Terra

O Colexio de Avogados de Ourense recoñeceu a xustiza gratuíta a Amigos da Terra en Galicia para continuar co caso da canceira de O Carballiño nos xulgados, ao atopar unha fosa con máis de 80 cans mortos. Na Comunidade Autónoma galega é a primeira vez que se da recoñecemento deste dereito a unha asociación ecoloxista.

Aforro co programa "A Aposta en Fogares"

Vinte e cinco familias do Barco de Valdeorras viron reducidas as súas cotas de luz e auga a través do programa "A Aposta en Fogares" de Amigos da Terra. Esta campaña de Educación Ambiental fronte o Cambio Climático está baseada na redución do consumo de enerxía,auga e transporte a nivel doméstico a través de pequenos xestos diarios, como o uso de perlizadores, lámpadas de baixo consumo,etc.



“O cambio de mentalidades precisa de medidas educativas moi claras e concordantes”

Fonte Imaxe: C C G

Francisco Díaz- Fierros, Catedrático de Edafoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e experto en Cambio Climático

Fálase moito dos impactos do Cambio Climático a nivel global, pero como afectará a Galicia? Senón facemos o suficiente, como será Galicia en 50 anos?

As previsión falan de incrementos da temperatura anual sobre a situación actual para o período 2030-2060 entre 0.5 º e 1.0 º que deberán ser mais pronunciados no sur que no norte. Outros modelos indican que estes incrementos poden estar entre 1º e 1.5º.
En calquera caso son incrementos importantes que terían como resultado por exemplo, que os días cálidos se duplicarían practicamente no verán. En relación coa precipitación os modelos predictivos son moito menos seguros pero en xeral apuntan cara un incremento lixeiro da precipitación anual (10-15%) que se concentraría sobre todo no outono con incrementos de máis do 20%.

España aumentou as súas emisións un 37,3% máis do que se comprometera en Quioto. Que razóns explican por que España é o país europeo que menos cumpriu o tratado?

Foi consecuencia do desinterese co que se tratou este problema polos gobernos anteriores a 2003.

Nos seus estudos afirma que en Galicia dende 1972 o aumento chegou a 0,36º centígrados por década, que medidas concretas cre que se deben de tomar a nivel autonómico para intentar reducir esta escalada? Considera que a Xunta está a facer o suficiente?

Existen unhas medidas adoptadas polo goberno anterior da Xunta que supoñían un cambio de actitude clara ante o problema do Cambio Climático e aínda que non eran suficientes comezaban un bo camiño. Descoñezo as intencións do goberno actual.

Empresas eléctricas, as cementeiras e o transporte son en Galicia as principais responsables das emisións. As empresas da nosa comunidade están a cumprir a súa parte da responsabilidade? En que medida?

O reparto de cotas iniciado no goberno anterior, aínda que tiña bastantes problemas supoñía un conxunto de medidas necesarias.

Se os impactos do cambio climático serán tan demoledores, ¿como é posible que a xente non estea disposta a cambiar os seus hábitos de consumo e transporte nin demandar á clase política solucións enérxicas? Que falla?

O cambio de mentalidades diante dun problema que só se “vive” en determinados anos de condicións extremas e un proceso lento que precisa de medidas educativas moi claras e concordantes.
Aínda así, considero que precísase un cambio xeracional para que as actitudes reviren dun xeito inequívoco.

Cre que a actual crise económica que estamos a sufrir pode ser unha oportunidade para apostar por un cambio no noso modelo enerxético?

A actual crise económica xa está a reducir as emisións a nivel global. Non creo que se aproveite para mudar dun xeito definitivo o actual modelo económico. Tiña que vir unha gran catástrofe para que este se producira.

Amigos da Terra no 2009 estivo en...

Lugares da xeografía galega onde Amigos da Terra estivo presente no 2009

A CORUÑA:
A Coruña
Arzúa
Muros
Oleiros
Santiago de Compostela

LUGO:
Guitiriz
Lugo

OURENSE:
Allariz
As Corcerizas
O Barco de Valdeorras
O Carballiño
Ourense
Ribadavia
Toén
Vilar de Barrio

PONTEVEDRA:
Caldas de Reis
Cuntis
Lalín
Marín
Moaña
O Grove
Poio
Pontevedra
Silleda
Vigo

Amigos da Terra

+info en: www.amigosdaterra.net

Amigos da Terra
Rúa da Concordia 20 - 2º Esq.
32003 Ourense
Tel.: 988 374 318 | Fax: 988 511 020
info@amigosdaterra.net
www.amigosdaterra.net

Grupo Comarcal de Pontevedra
Apto. de correos 1293 - 36280 Vigo
vigo@tierra.org

Faite **Amig@ da Terra**, remítenos este cupón.

asóciate

Nome e apelidos ____ Data de nacemento ____

Enderezo ____ Poboación ____ C.P. ____

Provincia ____ Tel. ____ Móbil ____

Ocupación ____ Correo-e ____

Desexo participar coma soci@ abonando unha cuota anual de:

☐ 20 euros (só para menores de idade e desempregados) ☐ 40 euros ☐ 60 euros

☐ 80 euros ☐ 100 euros ☐ Outra cantidade.....euros

Desexo participar facendo un donativo de.....euros.

Orde de domiciliación bancaria (recomendado)

Se non queres domiciliar a cuota, envíanos un cheque a nome de Amigos da Terra, ou ingrésao na conta 2091/ 0450/ 41/3040043331 (Caixa Galicia)

Titular da conta ou libreta:.....

Entidade: ...../ Oficina: ...../ D.C/..... Nº de conta:.....

Nome e enderezo da entidade:.....

Sr./Sra. Director/a, prego abone con cargo á miña conta os recibos anuais da asociación Amigos da Terra, por un importe de.....Euros

Data.....

Sinatura

1.- As persoas socias de Amigos da Terra teñen dereito a participar nas actividades promovidas pola asociación, así como a participar nas decisións, a exercitar o seu dereito a voz e voto nas asembleas xerais e a formar parte dos organos de goberno.

2.- As aportacións económicas teñen desgravación fiscal. Amigos da Terra facilitará un certificado xustificativo a petición súa, para o que é preciso que facilite o seu NIF.

3.- A información que nos facilita quedará recollida no arquivo de Amigos da Terra. Vostede ten dereito a acceder a ela, rectificala ou cancelala.